

## Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 4 de xuño de 2013

### Asistentes:

Pita Grandal, Ana María  
Allegue Agüete, Pilar  
Rodríguez Domínguez, M<sup>a</sup> Mar  
Martínez Yáñez, Nora M<sup>a</sup>  
Mulleiro Parada, Luis Miguel

Aneiros Pereira, Jaime  
Arias Martínez, M<sup>a</sup> Antonia  
Barahona Martín, Magdalena  
Bergareche Gros, Almudena  
Bouso Cedrón, Pedro  
Bruna Quintas, Cristina  
Domínguez Rubira, Carmen  
Fernández Docampo, M<sup>a</sup> Belén  
Ferrero Martínez, M<sup>a</sup> Dolores  
García Gestoso, M<sup>a</sup> Noemi  
González Pillado, M<sup>a</sup> Esther  
Grande Seara, Pablo  
Ibáñez Paz, Regina  
Manzano González, Baltasar  
Mariño de Andrés, Ángel M.  
Martínez Hens, Helena  
Orge Míguez, José Carlos  
Rodríguez Damián, Amparo  
Rodríguez Rodríguez, Emma  
Ruiz Hidalgo, Carmen  
Trigo Gómez, Pilar

Estévez Abeleira, Teresa

Guerrero Saco, Alejandro  
Araújo Figueroa, Isaac Borja

Salgado André, Elena

López Prieto, M<sup>a</sup> Nieves  
Iglesias Prado, Elena

Iníciase a reunión sendo as 11.10 h. coa seguinte:

### ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 22 de marzo de 2013).
2. Informes da Decana.
3. Aprobación, se procede, da modificación da composición da Comisión Académica do Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social pola Universidade de Vigo.
4. Ratificación, se procede, do Coordinador e a Comisión Académica do Máster en Dereito de Empresa pola Universidade de Vigo.
5. Aprobación, se procede, da proposta de calendario de preparación e aprobación de guías docentes das materias impartidas nas titulacións do Centro para o curso académico 2013/2014, así como de diversas pautas para a súa elaboración.
6. Aprobación do calendario escolar no Centro, convocatoria fin de carreira e próxima convocatoria extraordinaria das titulacións a extinguir.
7. Aprobación, se procede, dos horarios para os Graos do Centro do curso 2013/2014.
8. Manifestación, se procede, da declaración de interese da simultaneidade dos Graos en Dereito e Administración e Dirección de Empresas e declaración de interese de modificación da titulación do Grao en Dereito.
9. Rogos e preguntas.

Comeza a reunión sendo as 11.10 da mañá. A Decana escusa a ausencia na Xunta das seguintes persoas: a Profa. Dra. Teresa Martínez Táboas, a Profa. Dra. Marta García Mosquera, a Profa. Dra. M<sup>a</sup> Cruz Barreiro Carril, Dona Mónica Zas Varela e Don Henrique Macías Cambra.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 22 de marzo de 2013).**

Apróbase a acta por asentimento.

**2. Informes da Decana**

A Decana informa dos seguintes asuntos:

a) Con relación ás obras da entrada, que estaba prevista a súa execución desde decembro de 2012 e foran aprazadas por problemas técnicos derivados do mal tempo, a Decana informa de que, final e afortunadamente, empezarán na segunda semana de Xuño.

b) No referente a temas de calidade, a Decana informa de que se está a traballar desde o Vicerreitorado e a área de Calidade nunha simplificación do Sistema Interno de Garantía de Calidade de todos os centros da Universidade. Por iso, haberá algúns cambios tanto no Manual como nos Procedementos de Calidade do centro, relacionados fundamentalmente coa simplificación das evidencias de cada procedemento. Proximamente, en canto teñamos a documentación do Vicerreitorado levarase a unha Comisión de Calidade e a unha próxima Xunta. Non temos data definitiva, pero segundo o cronograma co que traballa Reitorado, deberían estar aprobados a principios do próximo Curso 2013-14.

c) No que se refire ao Máster en Procuradoría, a Decana informa de dous particulares. En primeiro lugar, recibíuse o informe final de avaliación positiva da ACSUG da titulación. En segundo lugar, nunha reunión informal co Decano da Facultade de Dereito de Ourense chegouse ao acordo de propoñer á Universidade que designe: 1) Coma coordinador Académico ao Prof. Dr. Pablo Grande Seara e 2) Coma membro da Comisión Académica, e ademais do anterior, á Profa. Dra. Mónica Siota Álvarez. A Decana informa que se traslada a súa proposta á próxima Xunta de Facultade e, en caso de urxencia, abordárase este particular na próxima reunión da Comisión Permanente deste órgano colexiado.

d) Polo que se refire ao TFG a Decana informa que aínda nun primeiro momento dende a Universidade se puxo a posibilidade dunha convocatoria en febreiro, asemella que non ten senso e non é admisible polo profesorado, polo que irá na convocatoria de fin de carreira ao seren aprobados os exames para o vindeiro curso académico.

**3. Aprobación, se procede, da modificación da composición da Comisión Académica do Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social pola Universidade de Vigo.**

A Decana indica que a Comisión Académica do Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social pola Universidade de Vigo remitiu unha solicitude de modificación da súa composición, para que sexa ratificada nesta Xunta de Facultade. A modificación proposta substitúe a Profa. Dra. Marta García Mosquera polo Prof. Dr. Javier de Vicente Remesal (como representante do SGIC) e a substitución do Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez pola Profa. Dra. Marta García Mosquera coma vogal.

Deste xeito resultaría a seguinte composición da CAM do Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social pola Universidade de Vigo, conforme ao establecido no Regulamento de Estudos de Posgrao:

- Presidenta: Prof<sup>ª</sup>. Dr<sup>ª</sup>. Esther González Pillado.
- Secretario: Prof. Dr. Pablo Grande Seara.
- Membro da comisión de calidade do Centro ao que se adscribe o Máster: Prof. Dr. Javier de Vicente Remesal .
- Catro vogais que imparten docencia en el Máster: Prof<sup>ª</sup>. Dr<sup>ª</sup>. Marta García Mosquera, Prof<sup>ª</sup>. Dr<sup>ª</sup>. Francisca Fariña Rivera, Prof<sup>ª</sup>. Dr<sup>ª</sup>. Helena Martínez Hens e Prof<sup>ª</sup> Dr<sup>ª</sup> Carmen Verde Diego.

Apróbase a modificación.

**4. Ratificación, se procede, do Coordinador e a Comisión Académica do Máster en Dereito de Empresa pola Universidade de Vigo.**

A Decana recorda que na última sesión da Comisión Permanente da Xunta de Facultade se aprobaron os seguintes órganos académicos para o Máster en Dereito de Empresa consonte ao establecido no Regulamento de Estudos de Posgrao:

- Coordinadora académica: Profa. Dra. Ana María Pita Grandal (Catedrática de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade de Vigo).
- Coordinador Profesional: Don José Antonio Gil del Campo. Socio de Garrigues e Asesores Tributarios.
- Comisión Académica:  
Profa. Dra. Ana María Pita Grandal (Catedrática de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade de Vigo). Presidenta.

Prof. Dr. Luis Miguel Muleiro Parada (Profesor Contratado Doutor de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade de Vigo). Secretario de la CAM.

Prof. Dr. Jaime Cabeza Pereiro (Catedrático de Dereito Laboral e da Seguridade Social da Universidade de Vigo). Membro de calidade do Centro ao que está adscrito el Máster.

Catro vogais que impartan docencia no Máster: Don José Antonio Gil del Campo (Socio de Garrigues y Asesores Tributarios), Prof. Dr. Pablo Fernández Carballo-Calero (Profesor Titular de Dereito Mercantil de la Universidade de Vigo), Profa. Dra. Patricia Valcárcel Fernández (Profesora Titular de Dereito Penal da Universidade de Vigo) e Profa. Dra. Inmaculada Valeije Álvarez (Profesora Titular de Dereito Penal da Universidade de Vigo).

Ratifícanse agora por asentimento.

**5. Aprobación, se procede, da proposta de calendario de preparación e aprobación de guías docentes das materias impartidas nas titulacións do Centro para o curso académico 2013/2014, así como de diversas pautas para a súa elaboración.**

A Decana manifesta que se remitiron a través do correo electrónico os calendarios das materias impartidas nas titulacións do Centro. Unicamente non se enviou o calendario correspondente ao Máster en Xestión e Dirección Laboral e Procuradoría para os que se propón aprobar o mesmo calendario que o do resto dos títulos de Máster adscritos ao Centro.

Apróbase por asentimento.

**6. Aprobación do calendario escolar no Centro, convocatoria fin de carreira e próxima convocatoria extraordinaria das titulacións a extinguir.**

A Decana informa que se propón un calendario escolar para o Centro dentro do calendario escolar aprobado na Universidade de Vigo. As clases do primeiro cuadrimestre comezarán o luns, 2 de setembro, e rematarán o xoves, 5 de decembro. Son en total 14 semanas de docencia. Destinaranse a exames do primeiro período dúas semanas antes das vacacións de Nadal -desde o 9 de decembro ata o 20 de decembro-, e outras dúas semanas en xaneiro -do 8/9 ao 17 de xaneiro-. O segundo cuadrimestre tamén terá 14 semanas de docencia. Comeza 20 de xaneiro e conclúe o 30 de abril. Destinaranse a exames do segundo período catro semanas: desde o 5 ao 30 maio. Os exames da convocatoria de Xullo terán lugar entre o 3 e o 16 de xullo de 2014, ambos incluídos. Os exames de fin de carreira terán lugar entre o 14 e o 22 de outubro de 2013. Nesta data tamén se celebrará a convocatoria de decembro de Licenciatura e Diplomatura. O Decanato propón que se celebren ao mesmo tempo estas dúas últimas convocatorias.

Apróbase este calendario do calendario escolar no Centro, convocatoria fin de carreira e próxima convocatoria extraordinaria das titulacións a extinguir (documento adxunto nº1).

**7. Aprobación, se procede, dos horarios para os Graos do Centro do curso 2013/2014.**

A Decana somete a aprobación os horarios para os Graos do Centro que foron remitidos a través de correo electrónico aos membros desta Xunta.

O Prof. Bouso e a Profª. Dra. Bergareche Gros interveñen para indicar que na súa docencia teñen un certo solapamento nos seus horarios e as materias que van impartir no vindeiro curso académico nas titulacións de Grao do Centro polo que solicitan que se fagan as oportunas modificacións. Lévanse a cabo as seguintes modificacións:

**- 1º DEREITO SEGUNDO CUADRIMESTRE:**

**- DÚAS PRIMEIRAS SEMANAS:**

- Adiántanse unha hora todas as materias cuxa docencia estaba prevista para os martes, comezándose as clases, por tanto, ás 9:00 h. da mañá, e engádese en horario de 13:50 a 14:50 h. unha clase de Dereito Constitucional II para o grupo teórico A. En correspondencia con este cambio, quítase dos luns de 13:50 h. a 14:50 h. unha clase de Dereito Constitucional II para o grupo teórico A.

- Modifícanse as clases dos mércores, que quedan configuradas da seguinte maneira:

- De 9 a 10 h.: T. A Fundamentos de Contabilidade e T. B de Dereito Constitucional.

- De 10 a 11 h.: T. B Fundamentos de Contabilidade e T. de Dereito Constitucional.

- De 11 a 12 h.: T. A Historia do Dereito e T. B Introducción ao Dereito Civil.

- De 12 a 13:50 h.: Prácticas A e B de Novas Tecnoloxías.

**- DOCE SEMANAS SEGUINTE:** Modifícase o horario da teoría dos mércores, que queda da seguinte maneira:

- De 9:40 a 10:50 h.: T. B de Historia do Dereito e T. A de Contabilidade.

- De 10:50 a 12:00 h.: T. B de Dereito Constitucional e T. de Introducción ao Dereito Civil.

**- 3º RLL, 2º CUADRIMESTRE:** Intercámbiase a clase do xoves de Política Sociolaboral coa clase do luns de Introducción á Análise Contable. Modifícanse os horarios das materias impartidas o mércores, que quedan da seguinte forma:

9:00-10:50 h.: Política Sociolaboral.

10:50-12:00 h.: Economía Laboral.

12:00-13:50 h.: Dereito social Comunitario.

**- 1º RLL, 2º CUADRIMESTRE:** Intercámbiase a clase teórica do grupo A de

Economía Española, que pasa a impartirse ás 9:15 h. con Psicología do Traballo que pasa a impartirse ás 11:35 h.

- En 1º RRL, 2º cuatrimestre, Modifícanse os horarios para evitar solapamientos na materia Economía Española, impartida polo profesor Pedro Bouso, da seguinte maneira: O grupo práctico D de Economía Española, que se impartía os luns, pasa a impartirse os martes, de 12:45 a 13:45 h.

Doutra banda, a Decana cede a palabra á Vicedecana Martínez Yáñez para que expoña as modificacións que foron propostas de mutuo acordo entre os docentes responsables das materias correspondentes:

- A Profa. Dra. Gloria Caballero solicitou con carácter previo á Xunta un cambio consensuado co Profesor Orge Míguez, a tenor do cal en 1º RRL, 2º cuatrimestre, horario das 12 semanas, a Teoría B de Fundamentos Básicos de Contabilidade impartirase os mércores en horario de 9:15 a 10:25 h., e a Teoría B de Organización de empresas impartirase o mesmo día de 11:35 a 12:45 h.

- A Profa. Consolo Pazó solicitou antes da Xunta de Facultade o axuste da carga horaria das materias de Empresariais impartidas en 4º de Dereito, primeiro cuatrimestre, á PDA aprobada na Facultade de Ciencias Xurídicas, a tenor da cal a carga docente de tales materias é de 36 horas teóricas e 12 horas prácticas. Para axustar o horario a ese dato modifícase o horario das 12 semanas, quedando as clases teóricas cunha duración dunha hora e cuarto, e as clases prácticas cunha duración dunha hora.

- Con respecto ao primeiro cuatrimestre do Curso Complementario, o profesor Javier Sánchez, de Dir. e Xestión de RRHH II, acordou con carácter previo á Xunta de Facultade un cambio horario coa profesora Cristina Bruna, responsable da materia Teoría das Relacións Laborais, en función do cal a docencia queda ordenada da seguinte maneira:

- Luns: Teoría das RRL (17:10 - 18:20 h.).

- Martes: Dir. e Xestión RRHH (17:10 - 18:20 h.).

- Mércores: Dir.Xestión RRHH (16:00 - 17:10 h.); Pr. A Dir. Xest. RRHH (18:20-19:35 h.); Pr. B Dir. Xest. RRHH (19:35 - 20:50 h.).

- Xoves: Teoría das RRL (16:00 - 17:10 h.); Pr. B Tª RRL (18:20 - 19:35 h.); Pr. A Tª RRL (19:35 - 20:50 h.).

A Decana sinala que, de todos os xeitos, os horarios definitivos unha vez incorporados todas estas modificacións serán enviados a través do correo electrónico, coma todos os anos, aos membros deste órgano colexiado (documento adxunto nº 2).

En canto aos exames, a Decana adianta que se tratarán na próxima reunión desta Xunta tratando de intercalar exames de materias con máis e menos matriculados, considerando este indicio e facendo unha proposta nesta liña. O representante de alumnos, Don Alejandro Guerrero, pregunta como será exactamente o calendario de exames e se en decembro van a ser todos antes do Nadal. A Decana indica que se buscará o calendario mellor para os alumnos tratando de

que medie arredor dunha semana e media para preparar os exames; en ningún caso, todos antes do Nadal. Atopando un equilibrio no calendario de exames. A Profa. Dra. García Gestoso manifesta que a súa experiencia de facer os exames antes do Nadal foi positiva. A Profa. Barahona sinala que pediría que se teña en conta, a hora de poñer as datas de exame, aos profesores que continúan coa docencia no segundo cuatrimestre. A Profa. Dra. Bergareche pregunta á Decana se o sistema supón acabar coa preferencia do alumnado á hora de fixar os exames. A Decana nega e di que, loxicamente, non e necesariamente se seguirá atendendo aos seus intereses. O Prof. Mariño considera unha boa idea, máis aló disto a idea de unificar as festividades das titulacións, incluso alternando RR.LL. e Dereito. A Profa. Dra. García Gestoso indica que non acaba de entender o criterio de establecer un equilibrio, no calendario de exames, entre máis e menos difíciles en atención ao número de matriculados; cuestiona se son máis difíciles os que poidan levar máis tempo corrixir. A Decana nega neste senso. De todos os xeitos, a Profa. Dra. García Gestoso estima que non lle convence o criterio e suxire un dato máis obxectivo á hora de fixar datas como tamén podería ser por créditos das materias. A Decana indica que se fará a proposta atendendo, na maior medida posible, tanto aos intereses dos alumnos coma dos profesores.

Apróbase a proposta por asentimento.

**8. Manifestación, se procede, da declaración de interese da simultaneidade dos Graos en Dereito e Administración e Dirección de Empresas e declaración de interese de modificación da titulación do Grao en Dereito.**

A Decana explica que tivo unha reunión co Decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, no que lles pareceu oportuno a presentación dunha declaración de interese para a simultaneidade dos Graos en Dereito e Administración e Dirección de Empresas (Programa Conxunto de Estudos de Grao en Dereito e Administración e Dirección de Empresas -ADE-). Polo demais, a Decana informa de que o Decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais tamén lle comunicou que ademais da declaración de interese da simultaneidade someterá a consideración na súa Xunta de Facultade a modificación da titulación en Administración e Dirección de Empresas.

No que atinxe á Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, na reunión que mantivo a Decana coas diferentes áreas de coñecemento chegouse ao acordo de presentar a declaración de interese de modificación da titulación do Grao en Dereito. Proponse que se aprrobe e ratifique o acordo resultante desa reunión, tamén coma sustento a este punto da orde do día, segundo o cal:

"Acórdase aprobar unha manifestación de interese en relación coa simultaneidade dos graos en Dereito e Administración e Dirección de Empresas, e manifestación de vontade de modificación da actual memoria do Grao en Dereito, coa finalidade de poñer solución a problemas detectados,

sobre todo na distribución de contidos, e coa finalidade tamén de facilitar a simultaneidade dos graos proposta. En ningún caso se reducirá o número de créditos das áreas xurídicas".

Apróbanse as declaracións por asentimento.

### **9. Rogos e preguntas.**

Non se fixeron rogos nin preguntas.

Non habendo máis rogos e preguntas levántase a sesión sendo as 13.15 horas do que dou fe como Secretario.

Fdo. Luis Miguel Muleiro Parada  
Secretario Accidental